



CERTIFICACIÓN

Don FRANCISCO JAVIER NOVOA JUIZ, secretario xeral do Concello de Vimianzo (A Coruña).

CERTIFICO:

Que a Alcaldía con data 13-03-2020 , ditou a Resolución 295/2020 que a continuación se transcribe:

"RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: ADOPCIÓN DE MEDIDAS POLA PANDEMIA DO CORONAVIRUS

Ante a situación de emerxencia nacional derivada da propagación expoñencial do virus COVID- 19 e a calificación de pandemia nacional seguindo os protocolos establecidos tanto a nivel autonómico como estatal en base as recomendacións das autoridades sanitarias.

Considerando o previsto no artigo 43.2 da CE que establece que compete ós poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través das medidas preventivas e de prestacións de servizos necesarios.

Visto a disposto no artigo 84 da LBRL e artigo 4.1 da Lei 40/2015 de 1 de outubro.

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Suspende as actividades culturais, deportivas, actividades de lecer de determinados sectores como a terceira idade, talleres de memoria, así como a dispoñibilidade de uso veciñal das instalacións municipais dende o día de hoxe ata nova resolución.

SEGUNDO.- Pechar as instalacións municipais onde se presten todo tipo de servizos de cara o público (biblioteca municipal, pista padel, ximnasio, etc...) agás a Casa do Concello e as relativas a educación en todos os seus graos á vista das directrices autonómicas e estatais.

TERCEIRO.- Recomendar á veciñanza que os trámites derivados de procedementos nos que esta administración sexa a actuante, se leven a cabo de forma telemática a través da sede electrónica nas direccións electrónicas e telefónicas que se difundirán mediante bando desta alcaldía.

CUARTO.- Trasladar estes puntos mediante bando municipal ao amparo da atribución prevista no artigo 21.1.e) da Lei 7/85 de 2 de abril así como as recomendacións relativas ó uso de parques infantís e demais instrucións que se poidan recibir das autoridades sanitarias no seu caso.

QUINTO.- Trasladar esta resolución a todos os departamentos municipais implicados e ás empresas prestadoras dos servizos referidos garantindo a súa cobertura económica en todo caso ó considerar que excede do risco e ventura que rexe a prestación do contrato sen perxuízo de que á vista dos acontecementos se proceda a unha suspensión formal nos termos previstos legalmente.

SEXTO.- Publicar esta resolución a efectos informativos xunto co bando correspondente no Taboleiro de Anuncios municipios e na sede electrónica do Concello de Vimianzo.

SÉPTIMO.- Suspende o mercadillo semanal, que se celebra os xoves, ata nova resolución.

OITAVO.-Dar conta desta resolución na primeira sesión de pleno ordinario que se celebre.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario, dou fe.

A Alcaldesa

O secretario



Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)”

Francisco Javier Novoa Juíz

E para que así conste, por orde e co visto e praxe da Sra.alcaldesa, expido esta certificación, en Vimianzo.

A Alcaldesa

O secretario

Mónica Rodríguez Ordóñez

Francisco Javier Novoa Juíz

(documento asinado electrónicamente)